

financiamento novas que realicen as entidades de crédito residentes en España a partir da entrada en vigor deste real decreto lei.

No caso de filiais de entidades estranxeiras exixírase que desenvolvan unha actividade significativa en España.

2. Para os efectos deste real decreto lei, entenderanse por operacións de financiamento as emisións de obrigas de pagamento, bonos e obrigas admitidas a negociación en mercados secundarios oficiais españois.

O aval poderase estender, se é o caso, a outros instrumentos bancarios, tales como os depósitos interbancarios, no marco dun esquema concertado e coordinado entre os gobernos da zona euro.

3. O prazo máximo de vencemento das operacións a que se refire o punto anterior será de cinco anos.

4. Para acceder ao outorgamento dos avais, as entidades de crédito deberán cumprir os requisitos que establece o ministro de Economía e Facenda, entre os cales se poderán incluír aquelas condicións especiais de solvencia que propoña o Banco de España.

5. O prazo de outorgamento de avais finalizará o 31 de decembro de 2009.

6. No ano 2008 poderanse conceder avais ata un importe máximo de 100.000 millóns de euros, considerándose incrementado na devandita contía o límite establecido no artigo 54 da Lei 51/2007, do 26 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2008.

7. Os avais serán outorgados polo ministro de Economía e Facenda de acordo cos requisitos establecidos na Lei xeral hipotecaria e xerarán unha comisión que reflecta o risco que asuma o Estado en cada operación.

Artigo 2. *Autorización para a adquisición de títulos para o reforzamento dos recursos propios.*

1. Con carácter excepcional, e ata o 31 de decembro de 2009, autorízase o ministro de Economía e Facenda para a adquisición de títulos emitidos polas entidades de crédito residentes en España que necesiten reforzar os seus recursos propios e así o soliciten, incluíndo participacións preferentes e cotas participativas.

2. Os títulos que adquira o Estado no contexto deste real decreto lei non estarán sometidos ás limitacións que a lei establece para a computabilidade dos recursos propios.

3. Os acordos de adquisición adoptaranse logo de informe do Banco de España.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación normativa.*

Autorízase o ministro de Economía e Facenda para ditar as normas que resulten necesarias para a aplicación e desenvolvemento do previsto neste real decreto lei.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto lei entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 13 de outubro de 2008.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

16722 *ORDE PRE/2957/2008, do 10 de outubro, pola que se inclúen no anexo I do Real decreto 2163/1994, do 4 de novembro, polo que se implanta o sistema harmonizado comunitario de autorización para comercializar e utilizar produtos fitosanitarios, as substancias activas fludioxonil, clomazona, prosulfocarb, amidosulfurón, nicosulfurón, cloridazona, bentiavalicarb, boscalida, carvone, fluoxastrobin, Paecilomyces lilacinus, protioconazol e se amplía o uso da substancia activa metconazol. («BOE» 251, do 17-10-2008.)*

A Directiva 91/414/CEE do Consello, do 15 de xullo de 1991, relativa á comercialización de produtos fitosanitarios, inclúe no seu anexo I as substancias activas que foron autorizadas para a súa incorporación nos produtos fitosanitarios. A devandita directiva incorpórase ao ordenamento xurídico español en virtude do Real decreto 2163/1994, do 4 de novembro, polo que se implanta o sistema harmonizado comunitario de autorización para comercializar e utilizar produtos fitosanitarios. Por outra banda, na Orde do 14 de abril de 1999 establece o anexo I do devandito real decreto, baixo a denominación «Lista comunitaria de substancias activas», que se define no artigo 2.16 do devandito real decreto, como a lista das substancias activas de produtos fitosanitarios aceptadas pola Comisión Europea e cuxa incorporación se fará pública mediante disposicións nacionais, ditas ao abeiro das correspondentes normas comunitarias.

A Directiva 91/414/CEE do Consello, do 15 de xullo de 1991, foi modificada por sucesivas directivas co fin de incluír no seu anexo I determinadas substancias activas. Así, mediante a Directiva 2007/76/CE, do 20 de decembro, inclúense as substancias activas fludioxonil, clomazona e prosulfurón, pola Directiva 2008/40/CE, do 28 de marzo, inclúense as substancias activas amidosulfurón e nicosulfurón, pola Directiva 2008/41/CE, do 31 de marzo, inclúese a substancia activa cloridazona, pola Directiva 2008/44/CE, do 4 de abril, inclúense as substancias activas bentiavalicarb, boscalida, carvone, fluoxastrobin, Paecilomyces lilacinus e protioconazol.

Pola súa vez, á Directiva 2008/45/CE, do 4 de abril, pola que se modifica a Directiva 91/414/CEE do Consello, do 15 de xullo de 1991, respecto á ampliación do uso da substancia activa metconazol.

As disposicións citadas establecen as condicións para que a comercialización de produtos fitosanitarios que conteñan as referidas substancias activas non teñan efectos nocivos para a saúde humana ou a saúde animal nin para as augas subterráneas, nin teñan repercusións inaceptables para o ambiente, así como para que se revisen as autorizacións existentes de produtos fitosanitarios que conteñan algunha das substancias activas que se inclúen no anexo I do Consello, do 15 de xullo de 1991, modificándoas ou retirándoas, de conformidade co establecido para o efecto na devandita directiva.

Esta orde incorpora ao ordenamento xurídico interno as directivas 2007/76/CE da Comisión, do 20 de decembro; 2008/40/CE da Comisión, do 28 de marzo; 2008/41/CE da Comisión, do 31 de marzo; 2008/44/CE da Comisión, do 4 de abril e 2008/45/CE da Comisión, do 4 de abril, mediante a inclusión das substancias activas fludioxonil, clomazona, prosulfocarb, amidosulfurón, nicosulfurón, cloridazona, bentiavalicarb, boscalida, carvone, fluoxastrobin, Paecilomyces lilacinus, protioconazol e a ampliación de uso de metconazol no anexo I do Real decreto

2163/1994, do 4 de novembro, e dítase de acordo coa súa disposición derradeira primeira.

A Comisión Interministerial para a Ordenación Alimentaria emitiu informe preceptivo sobre esta disposición. Así mesmo, na súa tramitación foron consultadas as comunidades autónomas e os sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño e do ministro de Sanidade e Consumo, dispoño:

Artigo único. *Modificación do anexo I do Real decreto 2163/1994, do 4 de novembro, polo que se implanta o sistema harmonizado comunitario de autorización para comercializar e utilizar produtos fitosanitarios.*

Modifícase o anexo I do Real decreto 2163/1994, do 4 de novembro, polo que se implanta o sistema harmonizado comunitario de autorización para comercializar e utilizar produtos fitosanitarios da forma seguinte:

Un. Inclúense as seguintes substancias activas:

«prosulfocarb, fludioxonil, clomazona, amidosulfurón, nicosulfurón, cloridazona, bentiavalicarb, boscalida, carvone, fluoxastrobin, Paecilomyces lilacinus, protioconazol.»

Dous. Amplíase o uso da substancia activa «metconazol».

Disposición adicional única. *Revisión das autorizacións.*

1. Co fin de verificar que se cumpren as condicións de inclusión e renovacións establecidas no anexo desta orde, as autorizacións existentes e as provisionais dos produtos fitosanitarios que conteñan as substancias activas afectadas, concedidas con anterioridade ao inicio do seu prazo de inclusión ou renovación, serán revixadas adoptando e aplicando as correspondentes resolucións antes de que expire o respectivo prazo establecido no devandito anexo.

2. A verificación do cumprimento dos requisitos de documentación especificados no artigo 29.1.a) do Real decreto 2163/1994, do 4 de novembro, contidos no anexo III da Orde do 4 de agosto de 1993, pola que se establecen os requisitos para solicitudes de autorizacións de produtos fitosanitarios, e a avaliación conforme os principios uniformes, contido no anexo da Orde do 29 de novembro de 1995, pola que se establecen os principios uniformes para a avaliación e autorización de produtos fitosanitarios, deberán realizarse adoptando e aplicando as correspondentes resolucións antes de que expire o respectivo prazo para a aplicación dos devanditos principios uniformes, que para cada unha das substancias activas se indican no anexo desta orde, tendo en conta, ademais, as condicións da versión final do correspondente informe de avaliación da Comisión Europea, aprobado no Comité Permanente da Cadea Alimentaria e Sanidade Animal.

3. No Rexistro oficial de produtos e material fitosanitario da Dirección Xeral de Recursos Agrícolas e Gandeiros, do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, quedarán á disposición dos interesados os informes de revisión da Comisión Europea, a que se refire o punto anterior, así como os de avaliación de produtos fitosanitarios previstos no artigo 3 do Real decreto 2163/1994, do 4 de novembro. Todo iso con excepción da información confidencial definida no artigo 32 do devandito real decreto.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta disposición entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», sen

prexuízo do establecido na disposición adicional única e do cumprimento dos prazos que para cada substancia activa e para cada fase figuran no anexo.

Madrid, 10 de outubro de 2008.—A vicepresidenta primeira do Goberno e ministra da Presidencia, María Teresa Fernández de la Vega Sanz.

ANEXO

Inclusión das substancias activas no anexo I

Condicións da inclusión da substancia activa prosulfocarb.

Características:

Nome común: Prosulfocarb.

N.º CAS: 52888-80-9.

N.º CIPAC: 539.

Nome químico (IUPAC): Dipropiltiocarbamato de S-benzilo.

Pureza mínima da substancia: 970 g/kg.

Condicións da inclusión:

Usos: Só poderá ser utilizado como insecticida.

Na avaliación global, segundo os principios uniformes, atendendo ao informe de avaliación da Comisión Europea, aprobado polo Comité Permanente da Cadea Alimentaria e de Sanidade Animal na súa reunión do 9 de outubro de 2007, deberase atender especialmente:

Á seguranza dos operarios, e incluír como condición nas correspondentes autorizacións, cando corresponda, a utilización de equipamentos de protección individual axeitados.

Á protección dos organismos acuáticos, e incluír como condición nas correspondentes autorizacións, cando corresponda, medidas de redución do risco.

Á protección das plantas non obxecto do tratamento, e incluír como condición nas correspondentes autorizacións, cando corresponda, medidas de redución do risco, por exemplo, zonas tampón sen pulverización nas parcelas.

Prazo da inclusión: do 1 de novembro de 2008 ao 31 de outubro de 2018.

Prazo para a aplicación das condicións de inclusión: o 31 de outubro de 2008.

Prazo para a aplicación dos requisitos dun anexo II: o 30 de abril de 2009, para que o titular da autorización dispoña ou teña acceso a unha documentación que reúna os requisitos do anexo II do Real decreto 2163/1994.

Prazo para a aplicación dos principios uniformes: o 31 de outubro de 2012 para produtos que conteñan prosulfocarb como única substancia activa, ou ben como unha de varias substancias activas incluídas na súa totalidade no anexo I do Real decreto 2163/1994 para a devandita data, ou, se é posterior, na data límite que estableza a Orde pola que se inclúen as substancias activas en cuestión no anexo I do citado real decreto.

Protección de datos: por ser a prosulfocarb unha substancia activa antiga, aplicarase o réxime correspondente de protección de datos previsto no artigo 30 do Real decreto 2163/1994.

Condicións da inclusión da substancia activa fludioxonil.

Características:

Nome común: Fludioxonil.

N.º CAS: 131341-86-1.

N.º CIPAC: 522.

Nome químico (IUPAC): (4-(2,2-difluoro-1,3-benzodioxol-4-il)-1H-pirrol-3-carbonitrilo.

Pureza mínima da substancia: 950 g/kg.

Condições da inclusión:

Usos: só poderá ser utilizado como funxicida.

Na avaliación global, segundo os principios uniformes, atendendo ao informe de avaliación da Comisión Europea, aprobado polo Comité Permanente da Cadea Alimentaria e de Sanidade Animal na súa reunión do 9 de outubro de 2007, deberase atender especialmente:

Á avaliación dos produtos fitosanitarios para outros usos que os correspondentes ao tratamento de sementes.

Á contaminación das augas subterráneas en zonas vulnerables en particular polos metabolitos de fotólise no solo CGA 339833 e CGA 192155.

Á protección dos peixes e dos invertebrados acuáticos, e incluír como condición nas correspondentes autorizacións, cando corresponda, medidas de redución do risco.

Prazo da inclusión: do 1 de novembro de 2008 ao 31 de outubro de 2018.

Prazo para a aplicación das condicións de inclusión: o 31 de outubro de 2008.

Prazo para a aplicación dos requisitos dun anexo II: o 30 de abril de 2009, para que o titular da autorización dispoña ou teña acceso a unha documentación que reúna os requisitos do anexo II do Real decreto 2163/1994.

Prazo para a aplicación dos principios uniformes: o 31 de outubro de 2012 para produtos que conteñan fludioxonil como única substancia activa, ou ben como unha de varias substancias activas incluídas na súa totalidade no anexo I do Real decreto 2163/1994 para a devandita data, ou, se é posterior, na data límite que estableza a Orde pola que se inclúen as substancias activas en cuestión no anexo I do citado real decreto.

Protección de datos: por ser o fludioxonil unha substancia activa antiga, aplicarase o réxime correspondente de protección de datos previsto no artigo 30 do Real decreto 2163/1994.

Condições da inclusión da substancia activa clomazona.

Características:

Nome común: Clomazona.

N.º CAS: 81777-89-1.

N.º CIPAC: 509.

Nome químico (IUPAC): 2-(2-clorobenzil)-4,4-dimetil-1,2-oxazolidin-3-ona.

Pureza mínima da substancia: 960 g/kg.

Condições da inclusión:

Usos: só poderá ser utilizado como herbicida.

Na avaliación global, segundo os principios uniformes, atendendo ao informe de avaliación da Comisión Europea, aprobado polo Comité Permanente da Cadea Alimentaria e de Sanidade Animal na súa reunión do 9 de outubro de 2007, deberase atender especialmente:

Á seguranza dos operarios, e incluír como condición nas correspondentes autorizacións, cando corresponda a utilización de equipamentos de protección individual axeitados.

Á protección das plantas non obxectivo, e incluír como condición nas correspondentes autorizacións, cando corresponda, medidas de redución do risco, por exemplo, zonas tampón.

Prazo da inclusión: do 1 de novembro de 2008 ao 31 de outubro de 2018.

Prazo para a aplicación das condicións de inclusión: o 31 de outubro de 2008.

Prazo para a aplicación dos requisitos dun anexo II: o 30 de abril de 2009, para que o titular da autorización dispoña ou teña acceso a unha documentación que reúna os requisitos do anexo II do Real decreto 2163/1994.

Prazo para a aplicación dos principios uniformes: o 31 de outubro de 2012 para produtos que conteñan clomazona como única substancia activa, ou ben como unha de varias substancias activas incluídas na súa totalidade no anexo I do Real decreto 2163/1994 para a devandita data, ou, se é posterior, na data límite que estableza a Orde pola que se inclúen as substancias activas en cuestión no anexo I do citado real decreto.

Protección de datos: por ser a clomazona unha substancia activa antiga, aplicarase o réxime correspondente de protección de datos previsto no artigo 30 do Real decreto 2163/1994.

Condições da inclusión da substancia activa amidosulfurón.

Características:

Nome común: Amidosulfurón.

N.º CAS: 120923-37-7.

N.º CIPAC: 515.

Nome químico (IUPAC): 3-(4,6-dimetoxipirimidin-2-il)-1-(N-metil-N-metilsulfonil-aminosulfonil)urea.

ou

1-(4,6-dimetoxipirimidin-2-il)-3-metil(metil)sulfamourea.

Pureza mínima da substancia: 970 g/kg.

Condições da inclusión:

Usos: só poderá ser utilizado como herbicida.

Na avaliación global, segundo os principios uniformes, atendendo ao informe de avaliación da Comisión Europea, aprobado polo Comité Permanente da Cadea Alimentaria e de Sanidade Animal na súa reunión do 22 de xaneiro de 2008, deberase atender especialmente:

Á avaliación dos usos non destinados a pradarias e pasteiros.

Á protección das augas subterráneas pola posibilidade de contaminación destas por algúns produtos de degradación ao se aplicar en zonas de características climáticas ou edáficas vulnerables.

Á protección dos vexetais acuáticos, e incluír como condición nas correspondentes autorizacións, cando corresponda, medidas de redución do risco, por exemplo, zonas tampón.

Prazo da inclusión: do 1 de xaneiro de 2009 ao 31 de decembro de 2018.

Prazo para a aplicación das condicións de inclusión: o 31 de decembro de 2008.

Prazo para a aplicación dos requisitos dun anexo II: o 30 de abril de 2009 para que o titular da autorización dispoña ou teña acceso a unha documentación que reúna os requisitos do anexo II do Real decreto 2163/1994.

Prazo para a aplicación dos principios uniformes: o 31 de outubro de 2012 para produtos que conteñan amidosulfurón como única substancia activa, ou ben como unha de varias substancias activas incluídas na súa totalidade no anexo I do Real decreto 2163/1994 para a devandita data, ou, se é posterior, na data límite que estableza a Orde pola que se inclúen as substancias activas en cuestión no anexo I do citado real decreto.

Protección de datos: por ser o amidosulfurón unha substancia activa antiga, aplicarase o réxime correspon-

dente de protección de datos previsto no artigo 30 do Real decreto 2163/1994.

Condições da inclusión da substancia activa nicosulfurón.

Características:

Nome común: Nicosulfurón.

N.º CAS: 111991-09-4.

N.º CIPAC: 709.

Nome químico (IUPAC). 2-[(4,6-dimetoxipirimidin-2-ilcarbamoil)sulfamoil]-N,N-dimetilnicotinamida

ou

1-(4,6-dimetoxipirimidin-2-il)-3-(3 -dimetilcarbamoil-2-piridilsulfonil)urea.

Pureza mínima da substancia: 930 g/kg.

Condições da inclusión:

Usos: só poderá ser utilizado como herbicida.

Na avaliación global, segundo os principios uniformes, atendendo ao informe de avaliación da Comisión Europea, aprobado polo Comité Permanente da Cadea Alimentaria e de Sanidade Animal na súa reunión do 22 de xaneiro de 2008, deberase atender especialmente:

Á exposición do medio acuático ao metabolito DUDN ao aplicarse o nicosulfurón en zonas de características edáficas vulnerables.

Á protección dos vexetais acuáticos, e incluír como condición nas correspondentes autorizacións, cando corresponda, medidas de redución do risco, por exemplo, zonas tampón.

Á protección das plantas non obxecto do tratamento, e incluír como condición nas correspondentes autorizacións, cando corresponda, medidas de redución do risco, por exemplo, zonas tampón sen pulverización nas parcelas.

Á protección das augas subterráneas e das augas superficiais en condicións edafolóxicas e climáticas vulnerables.

Prazo da inclusión: do 1 de xaneiro de 2009 ao 31 de decembro de 2018.

Prazo para a aplicación das condicións de inclusión: o 31 de decembro de 2008.

Prazo para a aplicación dos requisitos dun anexo II: o 30 de abril de 2009 para que o titular da autorización dispoña ou teña acceso a unha documentación que reúna os requisitos do anexo II do Real decreto 2163/1994.

Prazo para a aplicación dos principios uniformes: o 31 de outubro de 2012 para produtos que conteñan nicosulfurón como única substancia activa, ou ben como unha de varias substancias activas incluídas na súa totalidade no anexo I do Real decreto 2163/1994 para a devandita data ou, se é posterior, na data límite que estableza a Orde pola que se inclúen as substancias activas en cuestión no anexo I do citado real decreto.

Protección de datos: por ser o nicosulfurón unha substancia activa antiga, aplicarase o réxime correspondente de protección de datos previsto no artigo 30 do Real decreto 2163/1994.

Condições da inclusión da substancia activa cloridazona.

Características:

Nome común: Cloridazona.

N.º CAS: 1698-60-8.

N.º CIPAC: 111.

Nome químico (IUPAC): 5-amino-4-cloro-2-fenilpiridazin-3 (2H)-ona.

Pureza mínima da substancia: 920 g/kg.

Condições da inclusión:

Usos: só poderá ser utilizado como herbicida en aplicacións de máximo 2,6 kg/ha cada tres anos nun mesmo campo.

Na avaliación global, segundo os principios uniformes, atendendo ao informe de avaliación da Comisión Europea, aprobado polo Comité Permanente da Cadea Alimentaria e de Sanidade Animal na súa reunión do 4 de decembro de 2007, deberase atender especialmente:

Á seguranza dos operarios, e incluír como condición nas correspondentes autorizacións, cando corresponda, a exigencia da utilización de equipamentos de protección individual axeitados.

Á protección dos organismos acuáticos.

Á protección das augas subterráneas, cando a substancia activa se aplique en rexións con solos e/ou condicións climáticas vulnerables, e incluír como condición nas correspondentes autorizacións, cando corresponda, medidas de redución do risco, e deberanse iniciar programas de vixilancia nas zonas vulnerables para controlar a posibilidade de contaminación das augas subterráneas polos metabolitos B e B1.

Prazo da inclusión: do 1 de xaneiro de 2009 ao 31 de decembro de 2018.

Prazo para a aplicación das condicións de inclusión: o 31 de decembro de 2008.

Prazo para a aplicación dos requisitos dun anexo II: 30 de xuño de 2009 para que o titular da autorización dispoña ou teña acceso a unha documentación que reúna os requisitos do anexo II do Real decreto 2163/1994.

Prazo para a aplicación dos principios uniformes: o 31 de decembro de 2012 para produtos que conteñan cloridazona como única substancia activa, ou ben como unha de varias substancias activas incluídas na súa totalidade no anexo I do Real decreto 2163/1994 para a devandita data ou, se é posterior, na data límite que estableza a Orde pola que se inclúen as substancias activas en cuestión no anexo I do citado real decreto.

Protección de datos: por ser a cloridazona unha substancia activa antiga, aplicarase o réxime correspondente de protección de datos previsto no artigo 30 do Real decreto 2163/1994.

Condições da inclusión da substancia activa bentiavalicarb.

Características:

Nome común: Bentiavalicarb.

N.º CAS: 413615-35-7.

N.º CIPAC: 744.

Nome químico (IUPAC): [(S)-1-[(R)-1-(6-fluoro-1,3-benzothiazol-2-yl) ethyl]carbamoil}-2 -methylpropyl] carbamicacid.

Pureza mínima da substancia: 910 g/kg.

As seguintes impurezas de fabricación entrañan riscos toxicolóxicos, e a concentración de cada unha delas no produto técnico non debe superar:

6,6'-difluoro-2,2'-dibenzothiazole: <3,5 mg/kg.
bis(2-amino-5-fluorophe,nyl)disulfide: <14 mg/kg.

Condições da inclusión:

Usos: só poderá ser utilizado como funxicida.

Na avaliación global, segundo os principios uniformes, atendendo ao informe de avaliación da Comisión Europea, aprobado polo Comité Permanente da Cadea

Alimentaria e de Sanidade Animal na súa reunión do 22 de xaneiro de 2008, deberase atender especialmente:

Á seguranza dos operarios.

Á protección dos artrópodos non obxecto do tratamento, e incluír como condición nas correspondentes autorizacións, cando corresponda, medidas de redución do risco.

Na avaliación das solicitudes de autorización de produtos fitosanitarios que conteñan bentiavalicarb para usos distintos dos correspondentes aos invernadoiros, prestarase especial atención aos criterios contidos no artigo 15 do Real decreto 2163/1994, e deberanse facilitar todos os datos e a información necesarios antes de conceder a devandita autorización.

Conforme o artigo 30.3 do citado real decreto, informarse sobre as especificacións do material técnico fabricado comercialmente.

Prazo da inclusión: do 1 de agosto de 2008 ao 31 de xullo de 2018.

Prazo para a aplicación das condicións de inclusión: o 31 de xullo de 2008.

Prazo para a aplicación dos requisitos dun anexo II: o 31 de xaneiro de 2009 para que o titular da autorización dispoña ou teña acceso a unha documentación que reúna os requisitos do anexo II do Real decreto 2163/1994.

Prazo para a aplicación dos principios uniformes: o 31 de xaneiro de 2010 para produtos que conteñan bentiavalicarb como única substancia activa, ou ben como unha de varias substancias activas incluídas na súa totalidade no anexo I do Real decreto 2163/1994 para a devandita data, ou, se é posterior, na data límite que estableza a Orde pola que se inclúen as substancias activas en cuestión no anexo I do citado real decreto.

Protección de datos: por ser o bentiavalicarb unha substancia activa nova, aplicarase o réxime correspondente de protección de datos previsto no artigo 30 do Real decreto 2163/1994.

Condicións da inclusión da substancia activa boscalida.

Características:

Nome común: Boscalida.

N.º CAS: 188425-85-6.

N.º CIPAC: 673.

Nome químico (IUPAC): 2-cloro-N-(4'-chlorobiphenyl-2-yl)nicotinamide.

Pureza mínima da substancia: 960 g/kg.

Condicións da inclusión:

Usos: só poderá ser utilizado como funxicida.

Na avaliación global, segundo os principios uniformes, atendendo ao informe de avaliación da Comisión Europea, aprobado polo Comité Permanente da Cadea Alimentaria e de Sanidade Animal na súa reunión do 22 de xaneiro de 2008, deberase atender especialmente:

Á seguranza dos operarios.

Ao risco a longo prazo para as aves e os organismos do solo.

Ao risco de acumulación na superficie do solo, se a substancia se utiliza nun cultivo perenne, ou en cultivos seguintes en sistemas de rotación de cultivos, e incluír como condición nas correspondentes autorizacións, cando corresponda, medidas de redución do risco.

Prazo da inclusión: do 1 de agosto de 2008 ao 31 de xullo de 2018.

Prazo para a aplicación das condicións de inclusión: o 31 de xullo de 2008.

Prazo para a aplicación dos requisitos dun anexo II: o 31 de xaneiro de 2009 para que o titular da autorización dispoña ou teña acceso a unha documentación que reúna os requisitos do anexo II do Real decreto 2163/1994.

Prazo para a aplicación dos principios uniformes: o 31 de xaneiro de 2010 para produtos que conteñan boscalida como única substancia activa, ou ben como unha de varias substancias activas incluídas na súa totalidade no anexo I do Real decreto 2163/1994 para a devandita data, ou, se é posterior, na data límite que estableza a Orde pola que se inclúen as substancias activas en cuestión no anexo I do citado real decreto.

Protección de datos: por ser a boscalida unha substancia activa nova, aplicarase o réxime correspondente de protección de datos previsto no artigo 30 do Real decreto 2163/1994.

Condicións da inclusión da substancia activa carvone.

Características:

Nome común: Carvone.

N.º CAS: 99-49-0 (d/l mestura).

N.º CIPAC: 602.

Nome químico (IUPAC): 5-isopropenyl-2-methylcyclohex-2-en-1-one.

Pureza mínima da substancia: 930 g/kg cunha ratio d/l de polo menos 100:1.

Condicións da inclusión:

Usos: só poderá ser utilizado como regulador do crecemento vexetal.

Na avaliación global, segundo os principios uniformes, atendendo ao informe de avaliación da Comisión Europea, aprobado polo Comité Permanente da Cadea Alimentaria e de Sanidade Animal na súa reunión do 22 de xaneiro de 2008, deberase atender especialmente:

Á seguranza dos operarios, e incluír como condición nas correspondentes autorizacións, cando corresponda, medidas de redución do risco.

Prazo da inclusión: do 1 de agosto de 2008 ao 31 de xullo de 2018.

Prazo para a aplicación das condicións de inclusión: o 31 de xullo de 2008.

Prazo para a aplicación dos requisitos dun anexo II: o 31 de xaneiro de 2009 para que o titular da autorización dispoña ou teña acceso a unha documentación que reúna os requisitos do anexo II do Real decreto 2163/1994.

Prazo para a aplicación dos principios uniformes: o 31 de xaneiro de 2010 para produtos que conteñan carvone como única substancia activa, ou ben como unha de varias substancias activas incluídas na súa totalidade no anexo I do Real decreto 2163/1994 para a devandita data, ou, se é posterior, na data límite que estableza a Orde pola que se inclúen as substancias activas en cuestión no anexo I do citado real decreto.

Protección de datos: por ser o carvone unha substancia activa nova, aplicarase o réxime correspondente de protección de datos previsto no artigo 30 do Real decreto 2163/1994.

Condicións da inclusión da substancia activa fluoxastrobin.

Características:

Nome común: Fluoxastrobin.

N.º CAS: 361377-29-9.

N.º CIPAC: 746.

Nome químico (IUPAC): (E)-{2-[6-(2-chlorophenoxy)-5-fluoropyrimidin-4-yloxy]phenyl}(5,6-dihidro-1,4,2-dioxazin-3-yl)methanone O-methyloxime.

Pureza mínima da substancia: 940 g/kg.

Condições da inclusión:

Usos: só poderá ser utilizado como fungicida.

Na avaliación global, segundo os principios uniformes, atendendo ao informe de avaliación da Comisión Europea, aprobado polo Comité Permanente da Cadea Alimentaria e de Sanidade Animal na súa reunión do 22 de xaneiro de 2008, deberase atender especialmente:

Á seguraza dos operarios, en particular cando manexen o concentrado sen diluír. As condicións de uso deberán conter medidas de protección axeitadas, por exemplo levar unha pantalla facial.

Á protección dos organismos acuáticos, e incluír como condición nas correspondentes autorizacións, cando corresponda, medidas de redución do risco, por exemplo, zonas tampón.

Os niveis de residuos de metabolitos da fluoxastrobina cando se utilice como penso a palla de zonas tratadas. As condicións de uso deberán incluír restricións no que respecta á alimentación dos animais.

O risco de acumulación na superficie do solo, se a substancia se utiliza nun cultivo perenne ou nos cultivos seguintes en sistemas de rotación de cultivos, e incluír como condición nas correspondentes autorizacións, cando corresponda, medidas de redución do risco.

No prazo de dous anos, a partir da data de inclusión da fluoxastrobin, o notificador da substancia activa deberá presentar:

Datos que permitan unha ampla determinación do risco acuático, tendo en conta os aerosois erráticos, o escurramento, a drenaxe e a eficacia das medidas de redución de riscos potenciais.

Datos sobre a toxicidade de metabolitos que non procedan de ratas, se se utiliza como penso a palla de zonas tratadas.

Prazo da inclusión: do 1 de agosto de 2008 ao 31 de xullo de 2018.

Prazo para a aplicación das condicións de inclusión: o 31 de xullo de 2008.

Prazo para a aplicación dos requisitos dun anexo II: o 31 de xaneiro de 2009 para que o titular da autorización dispoña ou teña acceso a unha documentación que reúna os requisitos do anexo II do Real decreto 2163/1994.

Prazo para a aplicación dos principios uniformes: o 31 de xaneiro de 2010 para produtos que conteñan fluoxastrobin como única substancia activa, ou ben como unha de varias substancias activas incluídas na súa totalidade no anexo I do Real decreto 2163/1994 para a devandita data, ou, se é posterior, na data límite que estableza a Orde pola que se inclúen as substancias activas en cuestión no anexo I do citado real decreto.

Protección de datos: por ser o fluoxastrobin unha substancia activa nova, aplicarase o réxime correspondente de protección de datos previsto no artigo 30 do Real decreto 2163/1994.

Condições da inclusión da substancia activa *Paecilomyces lilacinus* Thom.

Características:

Nome común: *Paecilomyces lilacinus* Thom Samson 1974 cepa 251 (AGAL: n.º 89/030550).

N.º CIPAC: 753.

Nome químico (IUPAC): non procede.

Pureza mínima da substancia:

Condições da inclusión:

Usos: só poderá ser utilizado como nematicida.

Na avaliación global, segundo os principios uniformes, atendendo ao informe de avaliación da Comisión Europea, aprobado polo Comité Permanente da Cadea Alimentaria e de Sanidade Animal na súa reunión do 22 de xaneiro de 2008, deberase atender especialmente:

Á seguraza dos operarios (mesmo cando non sexa necesario establecer un AOEL, polo xeral, considerarase que os microorganismos son sensibilizantes potenciais).

Á protección dos artrópodos non obxecto do tratamento que viven en follas, e incluír como condición nas correspondentes autorizacións, cando corresponda, medidas de redución do risco.

Prazo da inclusión: do 1 de agosto de 2008 ao 31 de xullo de 2018.

Prazo para a aplicación das condicións de inclusión: o 31 de xullo de 2008.

Prazo para a aplicación dos requisitos dun anexo II: o 31 de xaneiro de 2009 para que o titular da autorización dispoña ou teña acceso a unha documentación que reúna os requisitos do anexo II do Real decreto 2163/1994.

Prazo para a aplicación dos principios uniformes: o 31 de xaneiro de 2010 para produtos que conteñan *Paecilomyces lilacinus* como única substancia activa, ou ben como unha de varias substancias activas incluídas na súa totalidade no anexo I do Real decreto 2163/1994 para a devandita data, ou, se é posterior, na data límite que estableza a Orde pola que se inclúen as substancias activas en cuestión no anexo I do citado real decreto.

Protección de datos: por ser o *Paecilomyces lilacinus* unha substancia activa nova, aplicarase o réxime correspondente de protección de datos previsto no artigo 30 do Real decreto 2163/1994.

Condições da inclusión da substancia activa protioconazol.

Características:

Nome común: Protioconazol.

N.º CAS: 178928-70-6.

N.º CIPAC: 745.

Nome químico (IUPAC): (RS)-2-[2-(1-chlorocyclopropyl)-3-(2-chlorophenyl)-2-hydroxypropyl] -2,4-dihidro-1,2,4-triazole-3 -thione.

Pureza mínima da substancia: 970 g/kg.

As seguintes impurezas de fabricación entrañan riscos toxicolóxicos, e a concentración de cada unha delas no produto técnico non debe superar:

Tolueno: <5 g/kg.

Prothioconazole-desthio (2-(1-chlorocyclopropyl)-1-(2-chlorophenyl)-3-(1,2,4-triazol-1-yl)-propan-2-ol): <0,5 g/kg (LOD).

Condições da inclusión:

Usos: só poderá ser utilizado como fungicida.

Na avaliación global, segundo os principios uniformes, atendendo ao informe de avaliación da Comisión Europea, aprobado polo Comité Permanente da Cadea Alimentaria e de Sanidade Animal na súa reunión do 22 de xaneiro de 2008, deberase atender especialmente:

Á seguraza dos operarios en aplicacións en forma de aerosol, e incluír como condición nas correspondentes autorizacións, cando corresponda, medidas de protección axeitadas.

Á protección dos organismos acuáticos, e incluír como condición nas correspondentes autorizacións, cando corresponda, medidas de redución do risco, por exemplo, zonas tampón.

Á protección de aves e de pequenos mamíferos, e incluír como condición nas correspondentes autorizacións, cando corresponda, medidas de redución do risco.

No prazo de dous anos a partir da data de inclusión do protioconazol, o notificador da substancia activa deberá presentar:

Información que permita avaliar a exposición dos consumidores aos derivados do metabolito triazol en cultivos primarios, en cultivos de rotación e en produtos de orixe animal.

A comparación do modo de acción do protioconazol e dos derivados do metabolito triazol para poder avaliar a toxicidade resultante da exposición combinada a eses compostos.

Información para seguir tendo en conta os riscos a longo prazo que o uso de protioconazol para o tratamento de sementes representa para as aves granívoras e os mamíferos.

Prazo da inclusión: do 1 de agosto de 2008 ao 31 de xullo de 2018.

Prazo para a aplicación das condicións de inclusión: o 31 de xullo de 2008.

Prazo para a aplicación dos requisitos dun anexo II: o 31 de xaneiro de 2009 para que o titular da autorización dispoña ou teña acceso a unha documentación que reúna os requisitos do anexo II do Real decreto 2163/1994.

Prazo para a aplicación dos principios uniformes: o 31 de xaneiro de 2010 para produtos que conteñan protioconazol como única substancia activa, ou ben como unha de varias substancias activas incluídas na súa totalidade no anexo I do Real decreto 2163/1994 para a devandita data, ou, se é posterior, na data límite que estableza a Orde pola que se inclúen as substancias activas en cuestión no anexo I do citado real decreto.

Protección de datos: por ser o protioconazol unha substancia activa nova, aplicarase o réxime correspondente de protección de datos previsto no artigo 30 do Real decreto 2163/1994.

Condicións da inclusión da substancia activa metconazol.

Características:

Nome común: Metconazol.

N.º CAS. 125116-23-6 (estereoquímica sen especificar).

N.º CIPAC: 706.

Nome químico (IUPAC): (1RS, 5RS: 1RS, 5SR)-5-(4-clo-robenzil)2,2-dimetil-1-(1 H-1,2,4-triazol-1-ilmetil)ciclo-pentanol.

Pureza mínima da substancia: 940 g/kg (suma dos isómeros cis e trans).

Condicións da inclusión:

Usos: só poderá ser utilizado como funxicida e como regulador do crecemento vexetal.

Na avaliación global, segundo os principios uniformes, atendendo ao informe de avaliación da Comisión Europea, aprobado polo Comité Permanente da Cadea Alimentaria e de Sanidade Animal na súa reunión do 23 de maio de 2006, deberase atender especialmente:

Á protección dos organismos acuáticos, das aves e dos mamíferos, e incluír como condición nas correspon-

dentes autorizacións, cando corresponda, medidas de redución do risco.

Á seguraza dos operarios, e incluír como condición nas correspondentes autorizacións, cando corresponda, medidas de protección.

Prazo da inclusión: do 1 de xuño de 2007 ao 31 de maio de 2017.

Prazo para a aplicación dos principios uniformes: o 31 de maio de 2011 para produtos que conteñan metconazol como única substancia activa, ou ben como unha de varias substancias activas incluídas na súa totalidade no anexo I do Real decreto 2163/1994 para a devandita data, ou, se é posterior, na data límite que estableza a Orde pola que se inclúen as substancias activas en cuestión no anexo I do citado real decreto.

Protección de datos: por ser o metconazol unha substancia activa antiga, aplicarase o réxime correspondente de protección de datos previsto no artigo 30 do Real decreto 2163/1994.

MINISTERIO DE TRABAJO E INMIGRACIÓN

16785 *ORDE TIN/2965/2008, do 14 de outubro, pola que se determinan os gastos subvencionables polo Fondo Social Europeo durante o período de programación de 2007-2013. («BOE» 252, do 18-10-2007.)*

A Decisión da Comisión do 7 de maio de 2007 aprobou o Marco Estratéxico Nacional de Referencia 2007-2013, que desenvolve o Acordo do Consello Europeo do 16 de decembro de 2005 polo que se determinaron as perspectivas financeiras para o período 2007-2013, e a estratexia para o Fondo de Cohesión, o Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) e o Fondo Social Europeo para o mesmo período 2007-2013. O Marco estratéxico define, así mesmo, a contribución da política rexional española ao cumprimento dos obxectivos da Estratexia de Lisboa en desenvolvemento de determinadas medidas previstas no Programa nacional de reformas de España.

O artigo 56.4 do Regulamento (CE) n.º 1083/2006 do Consello, do 11 de xullo de 2006, polo que se establecen as disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo e ao Fondo de Cohesión, e se derroga o Regulamento (CE) n.º 1260/1999 dispón que as normas sobre subvencionabilidade do gasto se establezan a escala nacional. Todo iso sen prexuízo das excepcións e peculiaridades que se recollen respecto ao Fondo Social Europeo na regulamentación comunitaria.

En consecuencia, un dos instrumentos necesarios para garantir a correcta execución dos obxectivos definidos no Marco estratéxico son as disposicións que determinan os criterios de subvencionabilidade polo Fondo Social Europeo dos gastos de execución das operacións.

Esta regulación supón unha novidade respecto á normativa anterior, xa que nela se establecían unhas normas de subvencionabilidade comúns a todos os Estados membros recollidas para o Fondo Social Europeo no Regulamento (CE) n.º 1685/2000 da Comisión, do 28 de xullo, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (CE) n.º 1260/1999 do Consello no rela-